



O día 6 de novembro foi presentado no Hotel Porta do Camiño o proxecto CLIMÁNTICA.

É este un proxecto coparticipado por MeteoGalicia e pola Consellería de Medioambiente que ten entre os seus obxectivos o de motivar ao alumnado, principalmente de Secundaria, ao estudo do clima e o cambio climático a través da creación dunha comunidade global virtual que mellore o coñecemento do noso clima, da mellora dos currículos sobre temas ambientais e da promoción da investigación nos centros educativos.

O noso centro é o único de Educación Primaria de todo Galicia que participa no proxecto é farao a través das METEOESCOLAS que son redes de estacións climáticas escolares que tentarán de complementar a rede de instalacións da Xunta.



Este ano os alumnos de 5º curso somos os encargados de tomar os datos na estación meteorolóxica. Os aparellos que empregamos son os seguintes: un higrómetro que mide a humidade, un barómetro que mide a presión, un termómetro que mide a temperatura mínima e máxima, un anemómetro que mide o percorrido do vento e un pluviómetro que empregamos con pouca frecuencia que mide a capacidade de choiva por m² e estes meses non choveu moito.

Os aparellos pequenos e delicados: higrómetro, barómetro, termómetro e probeta están dentro dunha caseta branca que se atopa ao lado do invernadoiro do colexio e que se chama garita meteorolóxica.

Cada día ao chegar a clase, dous alumnos mais unha parella do día anterior recollen os datos e apúntannos nun caderno. Logo do recreo pónense nos murais que hai en ambas portas do colexio.



Como todos os anos, un nutrido grupo de alumnos e alumnas do CEIP PIO XII, participaron na XXVIII Carreira Pedestre Popular, organizada que tradicionalmente ven organizando "El Correo Gallego".

Achegamos a clasificación xeral do alumnado do centro:

CLASIFICACIÓN XERAL DA CARRERA PEDESTRE

134- Damián Campos Deus	993- Raúl Fernández Cereijo
250- Martín Liste Oubel	1000- André García Gómez
267- Carlos Rodríguez González	1024- Sara López Barreiro
459- Esteban Yáñez Pérez	1082- Manuel Montero Fernández
502- Marcos Rodríguez Rodríguez	1086- Lorena Jiménez Fernández
512- Marcos Rodríguez Varela	1113- Laura Varela Menéndez
639- Lara Martínez Tabeada	1184- Marta Teira Cancelo
642- Fernando Peleteiro Sánchez	1185- Daniel Taboada Latas
652- Jesús F. Salgado Barcala	1187- Ángel Cereijo García
660- Jacobo Fernando Barreiro	1202- Ángel Rodríguez Reboredo
688- Xoan Fernández Acevedo	1238- Elba Souto Pampón
690- Mª Ángeles Sánchez Lorenzo	1241- Edurne Pérez Beliz
691- Brais Calvo Silva	1260- Irene Salgado Doval
740- Martín Baleirón Buceta	1287- Carmen Noya Gollanes
779- Sofía Mascareñas Pazos	1305- Patricia Zapico Germán
781- Marta Mascareñas García	1341- Iris Durán García
798- Dario Tasende Reboredo	1346- Julia López González
823- Andrés Bua Fernández	1364- Amalia Iglesias Ramos
825- Fernando Mariño Solís	1368- Macarena Mattos Domínguez
827- Alberto Maril Carregal	1373- Lara Vicente Romero
859- Carlos Quiroga Castiñeiras	1401- Rosa Villar Montero
878- Juan Carlos Dopico López	1425- Bárbara Cabello Jiménez
886- Malik Ademi García	1601- Xan Tato Boullón
904- Félix Pose Otero	1633- Esteban Muíño Sánchez
915- Marta Morato Costa	1686- Gregorio Casado Franco
992- Olalla Almón Mariño	

